



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Proxecto	Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de San Cristovo y Grixoa
Plano	Plano provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Unico de concellos 2019 (POS+2019)
Expediente TEdC	2019/C003/000005
Código obra	19.2100.0063.0
Orzamento	153070,08 € (21 % IVE incluído)
Licitación PLACSP	2019/C003/00003
Procedemento	aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinaria
Mesa Contratación	Nomeada no decreto do alcalde núm. 1140/2019 do 19/09/2019

Lugar: sala de xuntanzas da alcaldía

Sesión núm.: 2

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 27 de decembro de 2019 (venres)

Hora de comezo: 11:17 h

Hora de remate: 11:51 h

ASISTENTES

- David Barbeira García, alcalde, presidente
- Ana Beatriz Oveja Villafañe, secretaria xeral en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 02/08/2019), vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor en acumulación de funcións da Corporación (PR da DXAL do 20/12/2019), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario municipal -adxunto a secretaria-, como secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 1
- 2 Toma coñecemento do informe técnico valoración B: *Referencias técnicas*
- 3 Apertura sobre C: *oferta económica e criterios avaliábles automaticamente*
- 4 Proposta de adxudicación, se procede
- 5 Rolda de intervencións



A secretaria xeral en acumulación de funcións e o interventor municipal en acumulación de funcións asisten e exercitan o dereito de voto por medios telemáticos, respectivamente.

Non asiste ningún representante das empresas licitadores nin das asociacións ou federacións de empresarios.

Foi aberta a sesión, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 1

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, a núm. 1, correspondente ao 18/10/2109.

2 Toma coñecemento do informe técnico valoración B: *Referencias técnicas*

No prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe a licitación, cláusula 15.1: *apertura e valoración de ofertas*, e o anexo IV: *criterios de valoración*, se diferencian dúas fases da valoración das ofertas:

1ª fase: valoración dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O baremo: conforme os criterios de ponderación indicados no anexo IV.

A puntuación mínima: as empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no anexo IV na Fase 1 non continuarán no proceso selectivo.

2ª fase: criterios avaliábeis mediante fórmulas.

Na Fase I, o PCAP establece no apartado de *exclusións* que non continuarán no proceso selectivo as empresas que non superen a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na Fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: o plano de control de calidade, o programa de traballo, o programa de actuación ambiental e o plano de seguridade e saúde, ao abeiro da cláusula 15.1 e anexo IV do PCAP que rexe a licitación.

Na puntuación mínima á que se refire o parágrafo anterior non se computan de ningún xeito as propostas de redución de prazos.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

Logo de ver os documentos incluídos polos licitadores admitidos no sobre B: *Referencias técnicas*, o enxeñeiro técnico industrial, colexiado núm. 1178 do COETICOR, como técnico designado polo alcalde, emite o informe técnico para os efectos previstos nesta primeira fase.

A valoración do asesor técnico externo é:

CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña
Teléfono 981 880 075
C.I.F.: P1507800J
www.santacomba.es

INFORME TÉCNICO

Jesús Manuel Mallo Puga, Enxeñeiro Técnico Industrial adscrito ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña co número de colexiado 1.178, co DNI núm. 52.433.319 - N, como asesor técnico externo do Concello de Santa Comba emito o seguinte informe:

Unha vez examinadas as ofertas presentadas para a realización das obras que se indican a continuación, emiten o seguinte.

INFORME:

1.- OBXECTO:

Trátase de informar as Referencias Técnicas presentadas no sobre B, conforme ó prego de cláusulas administrativas particulares que rixen para a contratación das obras recollidas no proxecto que se nombra:

Núm. expediente	2019/C003/000005
Código de obra	19.2100.0063.0
Obra/proxecto	<i>Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de San Cristovo y Grixoa</i>
Plano	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de concellos 2019 (POS+2019)
Importe	Valor estimado: 126504,2 € + IVE 26565,88 € (21 %) = 153070,08 €
Procedemento	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación: aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
Trámite	ordinario
Redactor/a	Jesús Manuel Mallo Puga, enxeñeiro técnico industrial, colexiado núm. G-1178 do COETICOR
Financiamento	Deputación provincial da Coruña Concello Santa Comba (se for o caso)

2.- XURAMENTO.

O Perito que suscriben este informe, declara baixo xuramento dicir a verdade, que actuou, e no seu caso actuará coa maior obxetividade posible, tomando en consideración tanto o que poida favorecer como aquilo que se susceptible de causar perxuício a cualquiera das partes, e que coñece as sancións penais nas que poida incurrir si incumplise o seu deber como perito. Art. 335 da LEC.

3.- REFERENCIAS TÉCNICAS:

Unha vez examinadas as documentacións presentadas nos mencionados Sobres "B" polos licitadores:

- ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A. (ARIAS).
- HORDESCON S.L.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña
Teléfono 981 880 075
C.I.F.: P1507800J
www.santacomba.es

- OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (OVIGA).
- EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. (YONI).
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L. (GÓMEZ).
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. (LEONARDO)
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.L. (EULOGIO).
- COSMALCA S.L. (COSMALCA).
- CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L. (MAURI).
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.L. (NOSA)

Para realizar a valoración das referencias técnicas tivéronse en conta os criterios que constan no artigo 12.B e no ANEXO IV do PCAP que se indican a continuación:

12.B. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas". Criterios non avaliados de forma automática.

Conterá as seguintes referencias técnicas:

12.B.1) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características.

Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflita a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra, e en especial:

- plano de distribución das casetas de obra, colectores, provisións, guindastres e outra maquinaria
- plano de circulacións na parcela durante os traballos, peonís e motorizadas
- plano de servizos afectados e demais afeccións á contorna
- diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da execución
- listaxe de medios humanos e maquinaria que se ha utilizar na obra
- Perfil ou listaxe, no seu caso, das empresas subcontratadas e subministradoras de materiais.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en porcentaxes de tempo pero sen facer referencia a días, posto que este dato se incluírá, no seu caso se o prego establece como criterio de adxudicación a redución de prazo que figuraría no Sobre C), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta. O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

12.B.2) Actuación ambiental:

d) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
 - Rexeneración de espazos.
 - Indicación de entulleiras autorizadas onde se van a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
 - Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.
 - Medidas de aforro enerxético.
-



CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña
Teléfono 981 880 075
C.I.F.: P1507800J
www.santacomba.es

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de áreas protexidas afectadas, no seu caso
- Plano de ordenación dos colectores sobre a parcela
- Plano de situación de entulleiras e puntos limpos que se han utilizar durante a obra
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental
- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa
- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais que se han empregar na obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

12.B.3) Plan de control de calidade:

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se ha empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos dispostos no apartado anterior o contratista indicará, para cada un dos aspectos do control de calidade:

- a) medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.
- b) sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberánse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade na obra.
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso.

12.B.4) Esquema do Plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de indole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Anexo IV.- Criterios de valoración

FASE I

Criterios non avaliados mediante fórmulas



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña

Teléfono 981 880 075

C.I.F.: P1507800J

[www:santacomba.es](http://www.santacomba.es)

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15):

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Puntuación específica para este contrato: **2 puntos.**

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenten unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100% (1,4-2).
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenten unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65% (0,7-1,3).
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenten unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30% (0,1-0,6).
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenten unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0% (0).

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15):

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos pre-existentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se han realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc.)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se han empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por riba dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares

Puntuación específica para o presente contrato: **19 puntos**

Valorarase de 0 a 19 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100% (12,4-19).
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65% (5,8-12,3)
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30% (0,1-5,7).
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenten unha	0% (0).



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña

Teléfono 981 880 075

C.I.F.: P15078003

[www:santacomba.es](http://www.santacomba.es)

definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15):

Valorarase

- análise correcta da relación da obra co medio
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se han empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se han adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se han adoptar ao final da obra
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se han realizar
- descrición adecuada das entulleiras e centros de xestión de residuos
- axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Puntuación específica para este contrato: **2 puntos.**

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presenten unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100% (1,4-2).
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenten unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65% (0,7-1,3).
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenten unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30% (0,1-0,6).
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenten unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0% (0).

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15):

Puntuación específica para o presente contrato: **2 puntos.**

CONTIDO. PONDERACION	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenten unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100% (1,4-2).
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenten unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65% (0,7-1,3).
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenten unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30% (0,1-0,6).
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenten unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0% (0).

Os aspectos considerados no presente informe foron os seguintes:

- A presentación e adaptación da oferta ós criterios de valoración do PCAP.
- A metodoloxía que se vai a empregar por parte da empresa na realización das obras que non se indican expresamente no proxecto, así como a concreción do grao de definición e a súa total adaptación á obra.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña

Teléfono 981 880 075

C.I.F.: P1507800J

[www:santacomba.es](http://www.santacomba.es)

- Non se consideran idóneas as descrições xenéricas e non adaptadas, penalizando o coñecido vulgarmente como "corta e pega".
- Tamén se penaliza a falta de claridade na documentación aportada ou que non sexa lexible para o técnico que suscribe.
- Por outra banda, a falta de cuños de empresa e firmas nas cartas de compromiso con terceiras persoas tamén son causa de penalización.
- O indicar outras obras correspondentes ao concello de Santa Comba ou de outros concellos levará consigo unha baixa importante.

4.- ANÁLISIS DAS OFERTAS PRESENTADAS:

- Programa de traballo

Neste apartado aparecen varias empresas con un bo traballo e suficiente adaptación á obra. Nelas encóntranse Leonardo, Cosmalca, Mauri, Oviga, Nosa, Eulogio e Gómez.

Por outra banda, Arias, adscribe maquinaria en exceso, parte das actuacións non existen, é dicir, presentan un traballo con insuficiente adaptación á obra.

Hordescón presenta un traballo totalmente xenérico e as solucións que propoñen denota que non analizaron in situ as características da obra xa que son xeneralistas en exceso. Presentan un traballo moi xenérico o igual que Tuñas.

- Programa de actuación Ambiental

Neste apartado case todas presentan traballos xenéricos con abundantes "corta e pega". Destacan Hordescón, Leonardo, Gómez e Mauri con un programa con unha definición completa e total adaptación á obra.

Arias pola contra nomea materiais e zonas que non corresponden á obra e Cosmalca presenta un traballo xenérico en exceso.

O resto fixeron programas completos con insuficiente adaptación á obra.

- Plan de control de calidade.

Neste apartado case todas presentan traballos xenéricos con abundantes "corta e pega". Destacan os traballos de Leonardo como o máis adaptado á obra e pola contra está Gómez, que fai unha propaganda excesiva dunha empresa de control e unha cantidade de ensaios excesivos dificilmente creíble. O resto, excesivamente xenéricos e con traballos con insuficiente adaptación á obra.

- Esquema do Plan de seguridade e saúde



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONCELLO DE SANTA COMBA

Praza do Concello 1 - 15841 SANTA COMBA - A Coruña

Teléfono 981 880 075

C.I.F.: P1507800J

[www:santacomba.es](http://www.santacomba.es)

Neste apartado case todas presentan traballos xenéricos con abundantes "corta e pega". Son abundantes os erros en canto a poñer mal os números de teléfono, documentos sen firmar, é dicir moi xenéricos.

Hordescón presenta un esquema con definición parcial xa que indica datos erróneos e actuacións non correspondentes á obra.

Destacan con seus esquemas, Oviga, Leonardo e Nosa, que teñen unha definición completa con suficiente adaptación á obra.

Consideracións das ofertas:

Una vez analizadas a totalidade dos traballos, faise una comparación global para asinarlles ás puntuacións.

Destacamos como falta de criterio a hora de presentar os traballos a mención de outras instalacións, materiais ou traballos que nada teñen que ver coa obra licitada. Isto é un claro exemplo de "corta e pega" o que para o técnico que suscribe é unha falta de estudo pormenorizado da obra en cuestión.

Case todas caen no erro de enumerar a maquinaria que teñen en propiedade e máis a totalidade do persoal. Trátase de analizar en concreto a obra obxeto dos traballos non presentar unha memoria de empresa. O mesmo pasa cando enumeran a normativa.

Na documentación presentada as veces non se ve claro ou son ilexibles documentos que son tratados dixitalmente polo que dificilmente podemos télos en conta para dar unha puntuación.

Non obstante, sometido este informe a opinións mellor fundadas, e a falta dos resultados da avaliación mediante fórmulas, a Órgano de Contratación do Concello de Santa Comba resolverá a favor da proposta que xulgue máis procedente.

De seguido, amósase a táboa na que se recollen o conxunto das valoracións resultantes.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

CONCELLO DE SANTA COMBA
Teléfono 961 880 075

Praza do Concello 1 - 15941 SANTA COMBA - A Coruña
C.I.F.: P15078003 www.santacomba.es

Id Licitación		Licitación		Nombre de contrato		Id de sobre		seguridade e saúde		Plano control de calidade		Programa de traballo		Programa actuación	
294739299		2019/C003/00003		Mejora pav. y señaliz. vial entre San Cristovo y Grixoa (POS+2019 da Diputación A Coruña)		294739293		Ponderación: 2 Mínimo: 0 Máximo: 2		Ponderación: 2 Mínimo: 0 Máximo: 2		Ponderación: 19 Mínimo: 0 Máximo: 19		Ponderación: 2 Mínimo: 0 Máximo: 2	
ID Licitador	NIF Licitador	Licitador	Valoración	Puntuación	Valoración	Puntuación	Valoración	Puntuación	Valoración	Puntuación	Valoración	Puntuación	Valoración	Puntuación	
29752821	B15606193	OBRAS Y VIALES DE GAUCIA, S.L	1,6	1,2	1,6	1,2	1,6	1,2	1,6	1,2	1,6	1,2	1,6	1,2	
29440688	A15352735	EULOGIO VIAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	1,2	1,3	1,2	1,3	1,2	1,3	1,2	1,3	1,2	1,3	1,2	1,3	
29773075	B15286614	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	
29819478	B15009533	FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L	1	0,9	1	0,9	1	0,9	1	0,9	1	0,9	1	0,9	
29749312	B32106334	HORDESCON, S.L	0,8	1,2	0,8	1,2	0,8	1,2	0,8	1,2	0,8	1,2	0,8	1,2	
29722297	b15261309	Construccion J. Mauri e hijos, s.l	1,4	1,7	1,4	1,7	1,4	1,7	1,4	1,7	1,4	1,7	1,4	1,7	
29754559	B70134143	EXCAVACIONES YONI TUNAS S.L	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	
29443324	A15148608	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	1,3	0,8	1,3	0,8	1,3	0,8	1,3	0,8	1,3	0,8	1,3	0,8	
29622765	B15121783	COSMALCA S L	1	1,2	1	1,2	1	1,2	1	1,2	1	1,2	1	1,2	
29815915	A15006485	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	

MALLO PUGA
JESUS MANUEL
- 52433319N

Firmado digitalmente por MALLO PUGA JESUS MANUEL - 52433319N
Nombre de reconocimiento (DN):
c=ES, serialNumber=52433319N,
sn=MALLO PUGA, givenName=JESUS
MANUEL, cn=MALLO PUGA JESUS
MANUEL - 52433319N
Fecha: 2019.12.11 12:36:16 +01'00'

Todas as empresas superan a puntuación mínima de 12,50 puntos (50 % da puntuación dos puntos asignados na Fase 1 que é de 25 puntos).

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDA:

Tomar coñecemento do informe do asesor técnico externo indicado arriba que é avaliado pola mesa.



3 Apertura sobre C: oferta económica e criterios avaliados automaticamente

Acto público

O secretario comproba se hai interesados en participar neste acto público. Non hai interesados.

Logo do informe do asesor técnico externo referente ao sobre B, para os efectos previstos na segunda fase, a mesa de contratación, en acto público, procede a abrir o sobre C: *Oferta económica e demais criterios avaliados de forma automática.*

Logo de ver a valoración do sobre B: *Referencias Técnicas*, o presidente ordena abrir os sobres C: *oferta económica e demais criterios cuantificables automaticamente.*

Os criterios de valoración deste sobre:

Plano de Igualdade (PI)	10 puntos
Incremento do prazo de garantía (IPG)	60 puntos
Oferta económica	5 puntos

O resultado é:

Empresa	Criterios valor automático		Oferta económica		
	PI	IPG (Mín.:1 Máx: 5)	Prezo sen IVE (A)	IVE 21 % (B)	Total (A+B)
Arias Infraestructuras, SA	Si	1+4	107431,76	22560,67	129992,43
Nemesio Ordóñez, SA	Si	1+4	100874,44	21183,63	122058,07
Eulogio Viñal, SA	Si	1+4	118281,43	24839,10	143120,53
Francisco Gómez y Cía, SL	Si	1+4	108986,78	22887,22	131874,00
Consmalca, SL	Si	1+4	113684,27	23873,70	137557,97
J. Mauri e Hijos, SL	Si	1+4	121191,02	25450,11	146641,13
Leonardo Miguélez, SL	Si	1+4	121304,00	25473,84	146777,84
Obras y Viales de Galicia, SL	Si	1+4	116049,59	24370,41	140420,00
Hordescon, SL	Non	1+4	108464,70	22777,59	131242,29
Yoni Tuñas, SL	Si	1+4	123341,59	25901,73	149243,32

As unidades ou partes que as empresas declaran que subcontratarán:

Empresa	Unidades ou partes	Importe Subcontrata IVE engadido €	Nome ou perfil subcontrata
Arias Infraestructuras, SA	Sinalización viaria	6.752,24	Díez y Compañía, SA
Nemesio Ordóñez, SA	Pintura vial	6.752,24	Señalización Horizontal
Eulogio Viñal, SA	Sinalización	5.674,15	Señalizaciones Norte, SL
Francisco Gómez y Cía, SL	Sinalización	6.800,00	Sacyr Conservación, SA
Consmalca, SL	Marca viaria continua	3.781,37	Marcas Viarias, SL
"	Marca viaria reflexiva	108,90	Marcas Viarias, SL
Oviga, SL	Sinalizacións e pinturas	6.750,00	Señalizaciones y Pinturas



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

As empresas fan constar na proposta que nesta licitación non concorren con empresas vinculadas.

Logo de introducir os datos no programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación provincial da Coruña, o resultado é:



Programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos

Fórmula [PDF]

O Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, defectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exemplos: [Dúas empresas] Tres empresas | Tres empresas (Red. Prazo) | Cinco empresas | Diez empresas]

Paso 1 Paso 2 Paso 3 **Paso 4**

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total [Exportar](#)

Contrato/concurso: Mejora de pavimentación y señalización de vial de comunicación entre los lugares de San Cristovo y Grixa

Prezo de licitación: 153070,08 €

Límite oferta temeraria: 127.518,25 €

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	Nemesio Ordóñez, SA	122058,07	20,26	16,10	4,29	SI	20,39
2	Eulogio Viñal, SA	143120,53	6,50	16,50	1,52	Non	18,02
3	Francisco Gómez y Cia, SL	131874,00	13,85	15,4	3,23	Non	18,63
4	Cosmalca, SL	137557,97	10,13	17,00	2,36	Non	19,36
5	J. Maun e Hijos, SL	146641,13	4,20	21,80	0,98	Non	22,78
6	Leonardo Miguélez, SL	146777,84	4,11	20,80	0,96	Non	21,76
7	Oviga, SL	140420,00	8,26	19,00	1,93	Non	20,93
8	Hordescon, SL	131242,29	14,26	15,60	3,33	Non	18,93
9	Yoni Tuñas, SL	149243,32	2,50	15,00	0,58	Non	15,58
10	Arias Infraestructuras, SA	129992,43	15,08	14,50	3,51	Non	18,01



4 Proposta de adxudicación, se procede

Logo de ver o resultado do sobre electrónico C: *oferta económica e referencias avaliábles automaticamente*, a mesa de contratación constata unha oferta con valores anormalmente baixos.

Oferta anormalmente baixa: *Nemesio Ordóñez, SA*

A proposición que se considera, en principio, como anormalmente baixa, a da empresa *Nemesio Ordóñez, SA*.

Cando a mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen e darlles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen, razoada e detalladamente, o baixo nivel dos prezos, ou dos custos, ou calquera outro parámetro con base no cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos (artigo 149.4 da LCSP).

Logo de ver a cláusula 15.4.1 do PCAP que establece que cando o órgano de contratación *presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP), notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidas nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.4 desta cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.*

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Identificar e considerar, en principio, como oferta que se atopa incursa en presunción de anormalidade a da empresa *Nemesio Ordóñez, SA*.

2 Requirit ao licitador ou licitadores que presentan a oferta incursa en presunción de anormalidade para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.4 do PCAP.



CONCELLO DE SANTA COMBA (A Coruña)

5 Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa
Evaristo Lois Rama

O presidente da mesa
David Barbeira García

(Documento que se asina electronicamente)